



CPI de ATIOS
Valdoviño

MEMORIA RELIXIÓN CATÓLICA

Curso 2022/2023

Durante o presente curso 2022-2023 impartíuse a área de Relixión Católica nos diferentes niveis da etapa de Educación Infantil e de Educación Primaria, tendo unha porcentaxe de alumnado matriculado en dita materia do 38'5% en Educación Infantil e do 26'8% en Educación Primaria.

O tempo adicado á área foi dunha sesión para todos os niveis de E.I. e E.P. agás dúas sesións para o 2º curso de E.P.

Especialista	Ciclo	Nivel
Mª de los Ángeles Vidal Méndez	EI	4º, 5º e 6º
“	1º CICLO	1º e 2º
“	2º CICLO	1º e 2º
“	3º CICLO	1º e 2º

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

En algúns grupos a porcentaxe da programación impartida veuse mermada de forma notoria como consecuencia das distintas actividades e saídas programadas desde o Centro educativo, de xeito especial os cursos de 1º A e 1º B de E.P. por coincidir a única sesión que temos na materia de Relixión Católica os venres na última e penúltima hora respectivamente. Isto contrasta cos cursos de 2º de E.P. nos que se imparteu o 100% da programación. Nos demais cursos, tanto de E.I. como de E.P., imparteuse entre un 80 e 90% da mesma.

A porcentaxe de aprobados na asignatura de Relixión Católica é do 100% do alumnado.

Os obxectivos propostos foron acadados por todos os nenos e nenas a través das actividades realizadas no colexio. Ao longo do curso e para o logro dos obxectivos e a realización das actividades, empregáronse os recursos que hai no centro (biblioteca, ordenadores, internet...) así como audiovisuais e informáticos. Outros recursos de apoio foron os diferentes tipos de xogos, dominós, crebacabezas, materiais de expresión plástica, recursos interactivos aloxados en distintos blogs de relixión católica, etc. que achegan os contidos ao alumnado de maneira atractiva e ao mesmo tempo significativa.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

A principio de curso os sextos de Educación Primaria embarcáronse nunha aventura intercentros para docentes de Relixión a nivel mundial (no proxecto participan compañeir@s de outras nacionalidades como México ...). O proxecto recibe o nome de “Redeiras” posto que consiste en tender “redes” para unirmos uns/unhas con outr@s. Temos un blog (<https://proyectointercentrosprofesreli.blogspot.com/>) no que se explica en qué consiste este proxecto e onde se comparten as vivencias do noso alumnado. No noso caso fíxose o intercambio co centro CEIP Nuestra Señora de la Esperanza de Calasparra-Murcia. Tanto o alumnado como a docente estaban moi ilusionados con este proxecto e, tamén, un pouco inquietos posto que nunca se fixera algo parecido. Intercambiaron cartas cos alumn@s de Calasparra e algún vídeo onde se daban a coñecer os nosos pobos e se presentaban entre eles. Foi unha experiencia maravillosa a pesares de que se tivo que interromper o proxecto xa que a profesora do CEIP Nuestra Señora de la Esperanza estivo de baixa.

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

Como se especifica no apartado A o único que impideu cumprir cos obxetivos nos grupos de 1º A e 1º B foi que unha gran parte das distintas actividades que se levaron a cabo no Centro coincidiron os venres nas dúas últimas sesións, que é cando tiñamos clase estos dous grupos.

D) Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.

Observación: Estes datos correspóndense coa avaliación ordinaria.

	Curso 1º	Curso 2º	Curso 3º	Curso 4º	Curso 5º	Curso 6º
Cualificación	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos
1	0	0	0	0	0	0
2	0	0	0	0	0	0
3	0	0	0	0	0	0
4	0	0	0	0	0	0
Suspensos	0	0	0	0	0	0
5	0	1	1	0	0	0
6	3	0	1	1	1	1
7	3	1	1	5	7	3
8	3	4	9	4	4	4
9	1	4	2	7	5	6
10	0	0	0	0	1	2
Aprobados	10	10	14	17	18	16

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

Ningunha proposta.

F) Avaliación da práctica docente.

Intentouse crear un clima axeitado para que a clase de Relixión fose un lugar na que todos e todas se atopasen a gusto e se puidesen expresar con liberdade e espontaneidade, valorando e respetando todas as aportacións, opinións, ao mesmo tempo que se agurmentaban, para que ninguén se sentise rexeitado.

No que se refire á relación co alumnado, esta foi boa, senten respecto e interese pola materia e móstranse dispostos a aprender.

Por todo isto, decir que a valoración é positiva.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

Ademais das actividades previstas no Plan de Centro, traballamos as celebracións de :

- Día da Paz e non violencia.
- Día de San Valentín.
- Día do libro.
- Día da familia.
- Semana Santa.

Non se celebrou o Nadal (festa moi importante para os cristiáns) por atoparse de baixa a docente.

Outras:

Levou-se a cabo en todo o Centro Educativo (desde E.I. hasta E.S.O.) unha recollida de produtos de hixiene para Cáritas.

H) Principais conclusións.

Todos os temas propostos para cada curso foron traballados seguindo, na medida do posible, o calendario litúrxico e a programación didáctica. Todas as actividades que se propuxeron ao alumnado ó longo do curso estiveron relacionadas cos seus intereses e respectaron o seu ritmo persoal. Tamén se tivo en conta as diferenzas existentes en canto a capacidades, motivacións, recursos informáticos e dixitais. E tendo isto sempre presente no traballo, adaptáronse os métodos.

Na elección dos procedementos que se utilizaron para a realización das diferentes actividades sempre se tivo en conta a motivación dos nenos e nenas, os seus coñecementos previos, os seus intereses...